

Gasto dos non residentes en Galicia. Cuarto trimestre de 2009

NOTA DE PRENSA

No cuarto trimestre de 2009 os viaxeiros non residentes que se aloxaron en establecementos hoteleiros galegos gastaron de media 115,8 euros por persoa e día

Segundo os datos da operación estatística "Gasto dos non residentes en Galicia", elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os viaxeiros non residentes en Galicia que no cuarto trimestre de 2009 se aloxaron nalgún establecemento hoteleiro de Galicia gastaron de media 115,8 euros por persoa e día na nosa comunidade, cun gasto total de 109,4 millóns de euros, o que supón arredor do 1% do Produto Interior Bruto trimestral a prezos correntes de Galicia. As maiores partidas de gasto destináronse ao aloxamento (34,1% do total de gasto) e a restaurantes (31,5%).

Gasto dos non residentes segundo o concepto de gasto. Galicia. Cuarto trimestre de 2009

Concepto	Gasto total (miles de euros)	Distribución porcentual do gasto (%)
Total	109.353	100%
Paquete turístico	6.859	6,3%
Aloxamento	37.331	34,1%
Restaurantes	34.058	31,1%
Comida comercios	692	0,6%
Desprazamentos	10.828	9,9%
Agasallos	8.032	7,3%
Ocio	7.117	6,5%
Outros	4.437	4,1%

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Datos por provincia

Os viaxeiros non residentes aloxados en establecementos hoteleiros da provincia da Coruña gastaron arredor de 52 millóns de euros, o que supón o 47,9% do gasto total dos non residentes. A continuación atópanse os viaxeiros aloxados en Pontevedra que contribuíron co 38,6% do total do gasto.

No tocante ao gasto diario medio por viaxeiro, o máis alto deuse na provincia da Coruña (120,3 euros) e o máis baixo en Ourense (85,5 euros).



Gasto dos non residentes segundo a provincia do establecemento. Cuarto trimestre de 2009

Provincia do establecemento	Gasto total		Gasto diario medio por persoa (euros)
	Miles de euros	Distribución porcentual (%)	
Galicia	109.353	100,0	115,8
A Coruña	52.371	47,9	120,3
Lugo	9.898	9,1	109,0
Ourense	4.838	4,4	85,5
Pontevedra	42.246	38,6	116,8

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Datos por categoría

O 44,9% do gasto total dos non residentes en Galicia procede de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros de 4 estrelas. Os establecementos de 1 e 2 estrelas supoñen o 24,9%, os de 3 estrelas o 21,7% e o 8,5% restante corresponde a viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros de 5 estrelas.

En canto ao gasto diario medio por persoa o máis elevado correspondeu aos establecementos hoteleiros de 5 estrelas (184,7 euros), mentres que nos establecementos de menor categoría (1 e 2 estrelas) este gasto foi de 83,6 euros.

Gasto dos non residentes segundo a categoría do establecemento. Galicia. Cuarto trimestre de 2009

Categoría do establecemento	Gasto total		Gasto diario medio por persoa (euros)
	Miles de euros	Distribución porcentual (%)	
Total	109.353	100,0	115,8
1 e 2 estrelas	27.233	24,9	83,6
3 estrelas	23.764	21,7	102,2
4 estrelas	49.096	44,9	146,1
5 estrelas	9.260	8,5	184,7

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_turismo_gasto_non_residentes_gl.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>